

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 3ºESO (1ª AVALIACIÓN)

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura 3*)

(A súa Cualificación suporá o 20% da nota global do trimestre, é dicir, até 2 puntos sobre 10)

0. Avaliación Inicial.
1. Comunicación oral: Os textos e os seus tipos. (Tema 2)
2. Comunicación escrita: Os textos e os seus tipos. (Tema 2)
3. Funcionamento da lingua: A Ortografía e a Fonoloxía. Os desvíos normativos. (Tema 3) (Tema 6)
4. Lingua e sociedade: Dúas linguas nunha sociedade. As orixes. (Tema 7)
5. Educación literaria: Lateralúdica. Literatura Medieval. (Tema 8)

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC)

(A súa Cualificación suporá o 35%, até 3'5 puntos sobre 10)

TÍTULO: *As orixes do galego: substrato, estrato e superestrato.*

1. Elaboración dun tema (máximo 40 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de texto e das páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TIC que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TIC

DATAS: Entrega: último día de Novembro. Exposición: primeira semana de Decembro.

III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá o 10%, até 1 punto sobre 10)

Lectura Obrigatoria: *O pazo baleiro*. Xabier p. Docampo

DATA: Finalizada: última semana de Outubro.

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas requeridas polo profesor/a, o alumno/a escollerá libremente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Ao longo do trimestre o alumno/a irá realizando as lecturas voluntarias que estime oportunas e dará conta delas a través dos seus comentarios depositados no *Blogue* do grupo-clase ou ben a través dos informes enviados ao enderezo electrónico do profesor/a. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario **darase por rematado o día do exame** e suporá 1/10 da nota global do trimestre, é dicir, unha Cualificación de até 1 punto sobre 10)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá 35% da nota global do trimestre, é dicir, até 3'5 puntos sobre 10)

Seguirá o modelo da Avaliación Inicial, consistente nun texto en torno ao cal se realizarán preguntas para avaliar o grao de asimilación das aprendizaxes do trimestre. Buscarase sempre que sexa formativo e informativo, mais non sumativo nin concluínte.

DATA: Realización: segunda semana de Decembro.